

**REVISIÓN DE PROGRAMACIONES**  
(en aplicación das instrucións de 27 de abril de 2020, da Consellería de Educación)

Profesor/a: Modesto Fernández Gómez

**Criterios de avaliación que se consideran mínimos esixibles:**

Todos os criterios de avaliación da primeira e segunda avaliación.  
Ademais os seguintes criterios da terceira avaliación nas diferentes materias:

**Educación plástica, visual e audiovisual.**

1º ESO

Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito. CSIEE

Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo. CSIEE, CCEC

Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito. CCL

Realiza proxectos que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos, visuais e audiovisuais. CCEC

3º ESO

Deseña mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados. CCL

Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais. CSC.

Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos. CD

4ºESO

Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. CCEC

Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos. CD, CCEC,CSIEE

**Oratoria.**

1º ESO

Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón. CAA. CCL.

Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia. CCL.

Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso. CCL, CAA.

## **Investigación e tratamento da investigación.**

2º ESO

Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos. CAA,CCL,CD.

Realiza creacións que reflicten de forma clara a información recuperada. CD, CAA.

### **Cambios nos procedementos e nos criterios de cualificación para todas as materias:**

#### **1. Cualificación da terceira avaliación**

A terceira avaliación farase mediante correo electrónico e plataforma Edixgal. Os alumnos remitirán as actividades propostas polo profesor e se terán en conta unicamente para subir como máximo 1,5 puntos a nota da media entre a primeira e a segunda avaliación.

#### **2. Recuperación de criterios pendentes da primeira e/ou segunda avaliación.**

Tódolos alumnos teñen superadas a primeira e a segunda avaliación nas diferentes materias.

#### **3. Cualificación final**

A nota final resultará da media da primeira e segunda avaliación, sumándolle ata 1.5 puntos segundo a calidade das tarefas entregadas polo alumnado.